

## 7. PUBLICANDO E COMPARTINDO A APP

Como xa sabes, Mobincube é un asistente de creacións de aplicacións polo que contén incluído todo o necesario para publicar e compartir a app.

O eido educativo é moi estrito ca protección de datos polo que non usaremos a opción que Mobincube indica como FINALIZAR (e que publica a app en plataformas externas), empregaremos a función PREVISUALIZACIÓN que é igualmente funcional e incluso mellor. Por que nos permite dispoñer dunha ligazón de descarga case inmediata.

Polo que ao premer en PREVISUALIZACIÓN accedemos a esta pantalla



e ao premer en SOLICITAR (para ANDROID) e tras agardar uns minutos poderemos descargar dunha ligazón a nosa app xa finalizada.



Con esa ligazón poderemos descargar a app tanto no computador como no dispositivo móbil e enviala a quen gostemos para que a instale nos seus dispositivos.